RESULTADOS NO SUG

EIL1213: *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013"*

(Enquisa realizada en decembro de 2015)

INSERCIÓN LABORAL

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

Edita: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5º andar
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174
Correo-e: insercion.laboral@acsug.es
Páxina web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á ACSUG como editora.

ENQA
EUROPEAN ASSOCIATION FOR QUALITY ASSURANCE IN HIGHER EDUCATION

ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA

eqar
European Quality Assurance Register for Higher Education

ACSUG está rexistrada no EQAR

eca european consortium for accreditation

ACSUG é membro de ECA

EMAS Gestión ambiental verificada
AENOR Empresa Registrada UNE-EN ISO 9001 ER-0291/2009
AENOR Gestión Ambiental UNE-EN ISO 14001 GA-2009/0173
CERTIFIED IQNet MANAGEMENT SYSTEM

A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).

ÍNDICE

1.Introdución……4
1.1. Datos técnicos do EIL1213……5
1.2. Perfil dos titulados no SUG 2012-2013……6
2. Resultados do EIL1213 no SUG……7
2.1. Datos académicos……7
2.1.1. Formación universitaria……7
2.1.2. Prácticas e traballos durante a titulación……8
2.1.3. Mobilidade……10
2.1.4. Coñecemento de idiomas……10
2.2. Busca de emprego……11
2.2.1. Acceso ao emprego……11
2.2.2. Vías de busca de emprego……12
2.3. Situación actual……13
2.3.1. Actividade dos titulados……13
2.4. Emprego actual……15
2.4.1. Lugar de traballo……16
2.4.2. Modalidade de contratación……16
2.4.3. Salario……17
2.4.4. Funcións desenvolvidas……18
2.4.5. Competencias……18
2.5. Satisfacción co itinerario académico……19
2.5.1. Valoración final da traxectoria universitaria……19

ANEXOS……20
Anexo I. Grupo de traballo……20
Anexo II. Cuestionario……21
Anexo III. Distribución das titulacións por ramas de coñecemento……28
Anexo IV. Estudos de inserción laboral da ACSUG……30

Índice de táboas e figuras……31

1.Introdución

Complementando a serie temporal de estudos de inserción laboral da poboación titulada no Sistema Universitario de Galicia, a ACSUG presenta o **avance de resultados** do **"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013 (EIL1213)**[1]", onde se recollen os resultados acadados na **undécima enquisa** realizada aos titulados universitarios do curso académico 2012-2013.

Desde a súa creación, no ano 2001, a ACSUG desenvolveu actividades orientadas á mellora continua da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), entre as cales se atopa a realización dun **seguimento periódico da poboación titulada no SUG**, materializada a través dos seus estudos de inserción laboral. Nestes estudos analízanse as valoracións dos titulados, proporcionando información da **percepción que teñen sobre a súa formación adquirida e a súa universidade,** e sobre a **busca de emprego e a súa situación laboral actual**.

Neste avance, preséntase un resumo dos principais resultados acadados **na undécima enquisa**, realizada á **poboación titulada no curso académico 2012-2013** en decembro de 2015.
A poboación obxecto de estudo está centrada na poboación universitaria titulada en **títulos de 1º e 2º ciclo** (diplomaturas, licenciaturas, enxeñarías, enxeñarías técnicas, arquitectura e arquitectura técnica) e **graos**. Así mesmo, tal e como era de esperar, detéctase un **incremento na representatividade dos titulados en graos**, en consonancia cos anos de implantación dos primeiros títulos de grao (2008-2009 e 2009-2010) como froito do proceso de adaptación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). En concreto, atópanse representados **70 graos**, **case o triplo con respecto ao estudo anterior**, nos que tan só había 26.

Con respecto aos obxectivos principais deste estudo coinciden cos dos anteriores estudos de inserción laboral realizados pola ACSUG: a obtención de información sobre **a percepción dos titulados sobre a súa formación e a súa universidade** (formación universitaria, prácticas e traballos durante a titulación, mobilidade e coñecemento de idiomas) e a obtención de información sobre a **busca de emprego e a súa situación laboral actual** (acceso ao emprego, vías de busca de emprego, situación laboral actual, tempo en atopar emprego, tipo de contrato e competencias requeridas no emprego).

[1] *Os distintos estudos realizados designaranse ao longo do texto coas siglas EIL (Estudo da Inserción Laboral) seguidas do curso ao que fai referencia.*

1.1. Datos técnicos do EIL1213

A poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados no SUG durante o curso académico 2012-2013 (titulados que estiveron matriculados no curso académico 2012-2013 e fixeron o depósito do título ao longo do ano 2013), polo que, ao igual ca nos anteriores estudos, son **titulados recentes** que remataron a titulación aproximadamente **dous anos e medio** antes de realizar a enquisa.

A mostra enquisada foi de **4.473 titulados** sobre un total de 8.395, representando arredor dun **53,28%** da poboación total.

A ***Táboa 1*** recolle o tamaño da poboación e a mostra empregada para a realización do estudo por cada unha das universidades do SUG.

Universidade	Poboación	Mostra
Universidade da Coruña	2.585	1.366
Universidade de Santiago de Compostela	3.453	1.749
Universidade de Vigo	2.357	1.358
SUG	**8.395**	**4.473**

Táboa 1. *Tamaño de poboación e mostra dos titulados no SUG no curso académico 2012-2013. Datos por universidade e para o total do SUG.*

No deseño da mostra, para cada titulación e campus (subpoboación) seleccionouse unha mostra aleatoria, determinándose o tamaño da mostra para a estimación da proporción (con varianza máxima) e fixando un **erro máximo admisible do 10%**, cun nivel de confianza do 95%.

No **Anexo III** deste documento pódense consultar as titulacións e graos correspondentes a cada unha das ramas de coñecemento (Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II)).

O cuestionario empregado no presente estudo foi similar ao empregado en estudos anteriores. Todos os ítems incluídos no cuestionario pódense consultar no **Anexo II**.

As enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica asistida por ordenador, cun número máximo de cinco chamadas por titulado, elixidos de xeito aleatorio. O traballo de campo desenvolveuse ao longo do **mes de decembro de 2015.**

1.2. Perfil dos titulados no SUG 2012-2013

Datos académicos
➢ Rematou a titulación elixida como primeira opción (76,89%) ➢ Gozou dalgunha bolsa de estudos (58,08%) ➢ Coñece un idioma a maiores das linguas oficiais do SUG (52,88%), sendo o inglés o idioma máis coñecido (78,82%, como mínimo, son usuarios capaces de comunicarse en inglés con certa fluidez e redactar textos sinxelos).
Busca de emprego
➢ Buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os estudos (80,22%), e atopouno (62,50% dos que o buscaron). ➢ Tardou unha media de 9,54 meses en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación. ➢ Buscou emprego prioritariamente a través de Internet, presentando de forma espontánea a súa candidatura ou a través de familiares ou amizades.
Situación actual
➢ Traballaba no momento da realización da enquisa (70,59%), maioritariamente en Galicia (78,26%).
Emprego actual (despois da titulación)
➢ Ten un salario neto mensual medio de 1.086,60 €. ➢ Desenvolve funcións no seu traballo de nivel universitario (76,66%).
Satisfacción co itinerario académico
➢ Se tivese que volver a comezar, volvería á universidade (90,43%).

Táboa 2. *Perfil dos titulados no SUG no curso académico 2012-2013 dous anos despois de remataren os seus estudos. Resultados para o total do SUG.*

2. Resultados do EIL1213 no SUG

2.1. Datos académicos

Neste apartado a poboación titulada no SUG realiza unha valoración sobre a formación académica e a obtención de bolsas de estudo, a realización de prácticas e o traballo durante os estudos, a participación en programas de mobilidade e o coñecemento de idiomas.

2.1.1. Formación universitaria

Titulación cursada como primeira opción

Para o 76,89% dos titulados no SUG do curso académico 2012-2013 a titulación obtida fora a súa primeira opción. Esta porcentaxe supón un incremento de máis de tres puntos porcentuais con respecto ao último estudo realizado.

Figura 1. *Titulación cursada elixida como primeira opción. Resultados para o total do SUG.*

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Si era a súa primeira opción	73,68%	74,58%	77,21%	73,21%	73,12%	73,90%	73,33%	76,89%
Non era a súa primeira opción	26,32%	25,42%	22,79%	26,79%	26,88%	26,10%	26,67%	23,11%

Táboa 3. *Titulación cursada elixida como primeira opción. Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG*

Bolsas de estudos

O 58,08% dos titulados gozou dalgunha bolsa durante os seus estudos.
Máis da metade dos titulados que obtiveron unha bolsa de estudos mantivérona durante tres ou máis cursos académicos.



Figura 2. *Bolsas de estudos durante a titulación e a súa duración (en cursos académicos). Resultados para o total do SUG*

Os titulados que gozaron de bolsa responderon maioritariamente (98,61%) que a axuda proviña dunha institución pública española.
As bolsas de institucións privadas españolas son minoritarias: só o 3,06% dos enquisados gozaron delas.

Outras titulacións universitarias rematadas

O 46,90% dos titulados no curso 2012-2013 ten outra titulación universitaria rematada, a maiores da titulación pola que foi enquisado.
Dos titulados que conseguiron outro título universitario, o 76,44% ten un mestrado, o que supón un incremento de máis de doce puntos porcentuais con respecto ao estudo anterior (64,20%).



Figura 3. *Tipo de titulación universitaria adicional rematada. Resultados para o total do SUG.*

2.1.2. Prácticas e traballos durante a titulación

Prácticas en empresas/institucións

Case un terzo dos titulados realizou prácticas en empresas/institucións durante os seus estudos, sen seren materias obrigatorias no plan de estudos.



Figura 4. Prácticas en empresas/institucións durante a titulación.
Resultados para o total do SUG.

Traballos durante a titulación

Un 39,93% dos enquisados compaxinou os estudos cun traballo.
Analizando en detalle aos enquisados que traballaron durante a titulación obsérvase que na maioría dos casos o traballo foi a tempo parcial (65,30%) e non estaba relacionado coa titulación (60,92%).



Figura 5. *Traballo durante a titulación e tipo de xornada do último traballo.*
Resultados para o total do SUG.

A porcentaxe de titulados que estudan a tempo completo vénse mantendo ao redor do 60% durante os últimos estudos.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Si traballou	36,08%	37,54%	39,91%	42,34%	37,93%	40,69%	39,03%	39,93%
Non traballou	63,92%	62,46%	60,09%	57,66%	62,07%	59,31%	60,97%	60,07%

Táboa 4. *Traballo durante a titulación.*
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

2.1.3. Mobilidade

Participación en programas de mobilidade

O 19,46% de titulados participou nalgún programa de mobilidade durante a súa estadía na universidade. No 81,07% dos casos, o destino foi unha universidade europea, e no 80,24% de casos o programa de mobilidade era o Erasmus.



Figura 6. *Participación en programas de mobilidade durante a titulación. Resultados para o total do SUG.*



Figura 7. *Localización da universidade á que se desprazou co programa de mobilidade durante a titulación. Resultados para o total do SUG.*



Figura 8. *Tipo de programa de mobilidade nos que participou durante a titulación. Resultados para o total do SUG.*

2.1.4. Coñecemento de idiomas

Linguas (exceptuando galego e castelán)

O 93,12% dos titulados no curso 2012-2013 coñece e é quen de usar algún idioma a maiores das linguas oficiais do SUG (galego e castelán).

Dos titulados que coñecen algún idioma adicional, o 78,82% din ser, como mínimo, usuarios capaces de comunicarse en inglés con certa fluidez e redactar textos sinxelos.
En canto ao resto de linguas da contorna de España, o 35,96% dos enquisados ten algún coñecemento de francés, mentres que o 26,20% indica coñecer o portugués. O italiano e o alemán resultan ser as linguas máis descoñecidas polos titulados: non as coñecen o 87,74% e o 90,50% dos enquisados, respectivamente.



Figura 9. *Coñecemento de idiomas adicionais ás linguas oficiais do SUG e o seu número. Resultados para o total do SUG.*

2.2. Busca de emprego

Neste apartado a poboación titulada no SUG realiza que buscaron traballo nalgún momento responden sobre a busca de emprego: o acceso ao primeiro emprego relacionado coa titulación, e a valoración do uso e efectividade das distintas vías de busca de emprego.

2.2.1. Acceso ao emprego

Busca de emprego

O 80,22% dos titulados buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os estudos, e o 62,50% deles atopouno.



Figura 10. *Buscou emprego relacionado coa titulación e atopouno. Resultados para o total do SUG.*

Con respecto ao estudo anterior, aumentou a porcentaxe de titulados que buscaron e atoparon emprego ata superar o 50% dos enquisados.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Si buscou e atopouno	45,49%	52,01%	51,13%	47,56%	47,25%	44,49%	45,98%	50,37%
Si buscou, pero non o atopou	23,02%	26,72%	31,08%	34,33%	38,43%	39,05%	35,03%	29,84%
Non buscou	31,49%	21,27%	17,79%	18,12%	14,32%	16,46%	19,00%	19,78%

Táboa 5. *Buscou emprego relacionado coa titulación e atopouno. Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.*

Tempo en atopar o primeiro emprego

Un titulado tarda unha media de 9,54 meses en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.



Figura 11. *Tempo (en meses) que leva atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación. Resultados para o total do SUG.*

A distribución dos enquisados entre os distintos tramos temporais considerados é similar ao do estudio previo.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Menos de 1 mes	1,68%	26,56%	23,15%	19,44%	21,89%	23,13%	14,72%	13,12%
Entre 1 e 3 meses	54,67%	34,81%	34,12%	30,54%	22,12%	19,42%	10,81%	12,71%
Entre 3 e 6 meses	15,90%	16,19%	15,60%	14,87%	14,89%	13,04%	13,30%	13,63%
Entre 6 e 12 meses	17,50%	14,50%	18,10%	20,99%	21,56%	20,53%	16,31%	16,97%
12 meses ou máis	10,24%	7,94%	9,03%	14,15%	19,53%	23,87%	44,85%	43,57%
Tempo medio (meses) [2]	5,53	4,79	5,32	6,68	8,06	8,48	9,79	9,54

Táboa 6. *Tempo (en meses) que leva atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación. Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.*

2.2.2. Vías de busca de emprego

Grao de utilización e vía propiciatoria do primeiro emprego

O grao de utilización (de 1 a 5) das distintas vías para a busca de emprego dos titulados no curso 2012-2013 foron Internet (4,06), presentando de forma espontánea a súa candidatura (3,77) ou a través de familiares ou amizades (3,01).

Máis da metade dos titulados (53,05%) atopan o seu primeiro emprego por algunha destas tres vías, que xa eran as máis empregadas e efectivas nos estudos anteriores.

[2] *Media calculada descartando as respostas maiores ou iguais a 36 meses en EIL1112*



Figura 12. *Grao de utilización das distintas vías de busca de emprego e vía propiciatoria do primeiro emprego relacionado coa titulación. Resultados para o total do SUG.*

2.3. Situación actual

Neste apartado a poboación titulada no SUG realiza unha valoración sobre a súa actividade actual: traballan, estudan e/ou preparan oposicións.

2.3.1. Actividade dos titulados

Cursa estudos universitarios

O 23,15% dos titulados durante o curso 2012-2013 (21,36% para os homes; 24,24% para as mulleres) continuaba estudando no momento da realización da enquisa.
Esta porcentaxe é similar á obtida no estudo anterior (23,38%).



Figura 13. *Estuda.*
Resultados para o total do SUG.



Figura 14. *Estuda segundo o sexo.*
Resultados para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Si estuda	32,24%	33,73%	28,34%	20,33%	22,11%	24,11%	23,38%	23,15%
Non estuda	67,76%	66,27%	71,66%	79,67%	77,89%	75,89%	76,62%	76,85%

Táboa 7. *Estuda.*
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

O 52,47% dos titulados que estaban cursando estudos universitarios no momento da realización da enquisa estudaba un mestrado, e o 23,38% estudaba un doutoramento.
Os estudos de grao tamén obtiveron as porcentaxes máis elevadas no estudo previo, un 47,50%, pero naquel caso os graos ocupaban a segunda posición cun 28,31%.



Figura 15. *Tipo de estudos universitarios que cursa.*
Resultados para o total do SUG.

Do total de titulados en 2012-2013, seguen estudos de mestrado (12,15%), doutoramento (5,41%), grao (5,02%), licenciatura/enxeñaría/arquitectura (0,87%) e diplomatura/enxeñaría técnica/arquitectura técnica (0,14%).

Prepara oposicións

O 24,02% dos titulados durante o curso 2012-2013 (20,55% para os homes; 24,94% para as mulleres) preparaba oposicións no momento da realización da enquisa.

Figura 16. Prepara oposicións.
Resultados para o total do SUG.



Figura 17. Prepara oposicións segundo o sexo.
Resultados para o total do SUG.

A porcentaxe de titulados preparando oposicións aumentou en máis de catro puntos porcentuais con respecto ao estudo previo (19,59%).

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Si prepara oposicións	25,82%	29,50%	26,02%	24,72%	13,36%	14,11%	19,59%	24,02%
Non prepara oposicións	74,18%	70,50%	73,98%	75,28%	86,64%	85,89%	80,41%	75,98%

Táboa 8. *Preparan oposicións.*
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

Traballa

O 70,59% dos titulados durante o curso 2012-2013 (74,47% para os homes; 70,16% para as mulleres) traballaba no momento da realización da enquisa.
Isto representa un incremento de tres puntos porcentuais con respecto ao estudo previo (67,53%).



Figura 18. *Traballa.*
Resultados para o total do SUG.



Figura 19. *Traballa segundo o sexo.*
Resultados para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Si traballa	71,07%	66,11%	61,93%	59,29%	58,32%	63,33%	67,53%	70,59%
Non traballa	28,93%	33,89%	38,07%	40,71%	41,68%	36,67%	32,47%	29,41%

Táboa 9. *Traballa.*
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

Non traballa, pero traballou

O 58,03% dos titulados que non traballaban no momento de realizar a enquisa, si que traballaron nalgún momento desde que remataron a titulación. De media, finalizaron ese traballo hai 6,85 meses.
O 73,35% alega como motivo da finalización do traballo a fin do contrato, o 26,26% unha baixa voluntaria, e o 0,39% restante outros motivos.



Figura 20. *Traballou nalgún momento dende que rematou a titulación.*
Resultados para o total do SUG.



Figura 21. *Motivo da finalización do último traballo.*
Resultados para o total do SUG.

2.4. Emprego actual

Neste apartado a poboación titulada no SUG realiza valoracións sobre as características do traballo actual ou do último emprego (despois da titulación): lugar de traballo e antigüidade nel, modalidade de contratación e tipo de xornada laboral, tamaño da empresa, salario neto mensual, funcións desenvolvidas no traballo e nivel de satisfacción. A este apartado responderon só os titulados que traballan ou traballaron (despois da titulación).

2.4.1. Lugar de traballo

Lugar de traballo

A maioría dos titulados (78,26%) está a traballar en Galicia.
En xeral, a distribución dos titulados segundo o lugar de traballo é similar á obtida no estudo anterior, aínda que aumentaron aqueles que están a traballar fóra de Galicia.



Figura 22. *Lugar do traballo.*
Resultados para o total do SUG.

2.4.2. Modalidade de contratación

Tipo de contrato

O 86,44% dos titulados que traballaban facíano por conta allea.
De entre os que traballaban por conta allea, o 30,45% teñen un contrato indefinido.



Figura 23. Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea.
Resultados para o total do SUG.

Os resultados por tipoloxía de contrato son similares aos obtidos no estudo anterior. Cómpre destacar que aumenta a porcentaxe de traballadores por conta allea con contrato en prácticas.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Conta propia	6,85%	8,75%	8,49%	11,13%	10,19%	12,22%	13,98%	13,56%
Indefinido	37,10%	33,91%	32,62%	30,98%	32,75%	32,59%	33,94%	30,45%
Eventual	36,45%	30,72%	38,45%	38,72%	39,08%	33,75%	35,23%	32,68%
En prácticas	9,65%	8,91%	5,78%	9,41%	9,40%	11,72%	10,60%	15,92%
Bolsa	2,22%	2,34%	4,79%	4,24%	3,54%	5,22%	5,10%	6,29%
Outros	5,18%	11,94%	7,58%	0,53%	0,52%	0,37%	-	0,35%
Sen contrato	2,54%	3,43%	2,29%	4,98%	4,52%	4,14%	1,15%	0,75%

Táboa 10. *Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea.*
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

2.4.3. Salario

Salario neto mensual

O salario neto medio dun titulado no SUG do curso 2012-2013 é de 1 086,60 € ao mes. Máis da metade dos titulados (51,13%) teñen un salario mensual superior a 1 000 €.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Sen salario	-	-	-	-	-	-	1,31%	1,39%
Menos de 500 €	5,81%	5,62%	5,19%	8,26%	12,16%	11,62%	15,42%	13,12%
Entre 500 € e 1.000 €	31,10%	31,87%	32,19%	34,13%	36,06%	38,91%	37,92%	34,36%
Entre 1.000 € e 1.500 €	41,21%	40,63%	40,25%	38,67%	36,25%	32,57%	28,74%	32,44%
Entre 1.500 € e 2.000 €	18,25%	17,73%	18,25%	14,68%	12,05%	12,76%	12,61%	13,98%
2.000 € ou máis	3,64%	4,14%	4,12%	4,27%	3,49%	4,15%	4,00%	4,71%
Salario medio deflactado[3]	1 266,40 €	1 270,97 €	1 258,99 €	1 158,76 €	1 059,04 €	1 057,11 €	1 037,08 €	1 086,60 €

Táboa 11. *Salario neto mensual (en euros).*
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

[3] *Salario deflactado aplicando a variación do índice de prezos de consumo (IPC). Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE).*

2.4.4. Funcións desenvolvidas

Funcións que desenvolve

O 76,66% dos titulados que traballan están desenvolvendo funcións de nivel universitario no seu traballo. Deles, o 82,87% desenvolve funcións específicas da súa titulación.



Figura 24. *Desenvolve funcións de nivel universitario e específicas da titulación. Resultados para o total do SUG.*

2.4.5. Competencias

Competencias requiridas no traballo actual

As cinco competencias máis valoradas polos titulados durante o curso 2012-2013 son as mesmas que se obtiñan no estudo anterior (cunha pequena variación de orde nas posicións segunda e terceira).

Competencia, coñecemento, actitude	Valoración media
Capacidade para a aprendizaxe	4,52
Motivación	4,50
Capacidade para resolver problemas	4,47
Capacidade de comunicación oral/escrita	4,44
Adaptabilidade	4,37

Táboa 12. *Utilidade das competencias para o desempeño do traballo. Resultados para o total do SUG.*

2.5. Satisfacción co itinerario académico

Neste apartado a poboación titulada no SUG realiza unha valoración do seu nivel de satisfacción co seu itinerario académico.

2.5.1. Valoración final da traxectoria universitaria

Volvería cursar...

O 90,43% dos titulados volvería cursar estudos universitarios.
As porcentaxes de repetición do itinerario académico son similares as obtidas nos estudos anteriores.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213
Si volvería cursar estudos universitarios	86,03%	88,50%	90,67%	84,98%	87,76%	86,96%	88,83%	90,43%
Si volvería cursar a súa titulación	80,71%	81,02%	81,55%	77,13%	79,91%	77,84%	78,32%	80,29%
Si volvería cursar a súa titulación na mesma universidade	87,83%	89,74%	87,07%	87,37%	87,50%	86,23%	86,48%	85,59%

Táboa 13. *Repetición do itinerario académico.*
Resultados para o total do SUG.

O 62,15% do total de titulados volvería cursar a mesma titulación na mesma universidade.



Figura 25. *Repetición do itinerario académico.*
Resultados para o total do SUG.

ANEXOS

Anexo I. Grupo de traballo

Grupo de Análise Estatística

Pedro Faraldo Roca (director do grupo)
Rosa María Crujeiras Casais (coordinadora)
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Santiago de Compostela
Adela Martínez Calvo
Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial
Universidade de Santiago de Compostela
María José Lombardía Cortiña
Salvador Naya Fernández
Departamento de Matemáticas
Universidade da Coruña
José María Matías Fernández
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Vigo
Verónica Carreira Figueiras
ABANCA
Belén María Fernández de Castro
CESUGA
Universidad San Jorge

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

María Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG
José Eduardo López Pereira
Director da ACSUG
María Carmen Fernández Montes
Técnico de Programas da ACSUG
Coordinadora dos estudos de inserción laboral da ACSUG

Anexo II. Cuestionario

O cuestionario empregado no "*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013*" está estruturado nos seguintes cinco bloques:

Bloque 1. Datos persoais e académicos

Neste bloque inclúense preguntas sobre a formación académica e a obtención de bolsas de estudo, a realización de prácticas e o traballo durante os estudos, a participación en programas de mobilidade e o coñecemento de idiomas.

Bloque 2. Busca de emprego

Os enquisados que buscaron traballo nalgún momento responden neste bloque sobre a busca de emprego: o acceso ao primeiro emprego relacionado coa titulación, a valoración do uso e a efectividade das distintas vías de busca de emprego e os factores que consideran importantes á hora de atopar traballo.

Bloque 3. Situación actual

No bloque pregúntase se os enquisados estudan, preparan oposicións ou traballan. Se traballan actualmente ou traballaron nalgún momento dende que remataron a titulación, responden as preguntas do bloque catro.

Bloque 4. Emprego actual ou último emprego (despois da titulación)

Neste bloque inclúense preguntas sobre as características do traballo actual ou do último emprego (despois da titulación): lugar de traballo e antigüidade nel, modalidade de contratación e tipo de xornada laboral, tamaño da empresa, salario neto mensual, funcións desenvolvidas no traballo e nivel de satisfacción.

Bloque 5. Satisfacción co itinerario académico

Pregúntaselles aos enquisados neste bloque polo seu nivel de satisfacción co seu itinerario académico.

Bloque 1. Datos persoais e académicos

Datos persoais

1. Ano de nacemento: ____
2. Sexo:
   - ☐ Home
   - ☐ Muller
3. Nivel de estudos nai:
   - ☐ Sen estudos
   - ☐ Primarios
   - ☐ Bacharelato/Formación Profesional
   - ☐ Universitarios medios
   - ☐ Universitarios superiores
   - ☐ Outras respostas, especificar: ___
4. Nivel de estudos pai:
   - ☐ Sen estudos
   - ☐ Primarios
   - ☐ Bacharelato/Formación Profesional
   - ☐ Universitarios medios
   - ☐ Universitarios superiores
   - ☐ Outras respostas, especificar: ___

Formación universitaria

5. Titulación: _____
6. Era esta titulación a súa primeira opción?
   - ☐ Non
   - ☐ Si
7. Nota media aproximada do seu expediente:
   - ☐ Aprobado [1,2) [5,7)
   - ☐ Notable [2,3) [7,9)
   - ☐ Sobresaínte [3,4) [9,10)
8. Gozou dalgunha bolsa durante os estudos nesa titulación?
   - ☐ Non *(pase á pregunta 11)*
   - ☐ Si
9. En caso de que gozara dalgunha bolsa de estudos, de que tipo foi?
   - ☐ Bolsa dunha institución pública española
   - ☐ Bolsa dunha institución privada española
   - ☐ Outras, especificar:_____
10. En caso de que gozara dalgunha bolsa de estudos, canto tempo (en cursos académicos) gozou dela? __
11. Ten outras titulacións universitarias rematadas?
    - ☐ Non *(pase á pregunta 13)*
    - ☐ Si
12. En caso de que rematara outras titulacións, de que tipo son?
    - ☐ Diplomatura/Enxeñaría técnica/Arquitectura técnica
    - ☐ Licenciatura/Enxeñaría/Arquitectura
    - ☐ Grao
    - ☐ Máster
    - ☐ Doutoramento

Prácticas e traballos durante a titulación

13. Realizou prácticas en empresas/institucións durante a titulación que non estivesen incluídas como materias obrigatorias no plan de estudos?
    - ☐ Non
    - ☐ Si
14. Traballou durante a titulación?
    - ☐ Non *(pase á pregunta 17)*

☐ Si

15. O último traballo que tivo durante os estudos tiña xornada:
    ☐ A tempo parcial
    ☐ A tempo completo
